



Guía Docente				
Datos Identificativos				2016/17
Asignatura (*)	Historia Económica	Código	611G01002	
Titulación	Grao en Economía			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Primeiro	Formación básica	6
Idioma	Castelán			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Economía Aplicada 1			
Coordinación	Vilar Rodriguez, Margarita	Correo electrónico	margarita.vilar.rodriguez@udc.es	
Profesorado	Lindoso Tato, Elvira Vilar Rodriguez, Margarita	Correo electrónico	elvira.lindoso.tato@udc.es margarita.vilar.rodriguez@udc.es	
Web				
Descrición xeral	<p>Esta asignatura persegue un dobre obxectivo. Dun lado, a Historia Económica ten que ofrecer ao alumnado os coñecementos sobre a evolución económica en épocas pasadas que lle faciliten a comprensión do mundo actual. O contexto actual no que vivimos (e no que o alumnado vai actuar como economista) é resultado dunha longa evolución, sen cuya comprensión faltariannos elementos para unha interpretación correcta dos acontecementos actuais. Nun mundo cada vez máis globalizado, o coñecemento da Historia Económica e das súas raíces máis profundas ten que formar parte da maleta intelectual dun futuro economista. Doutro lado, o coñecemento e reflexión sobre a evolución económica das sociedades (sobre todo europeas) en épocas pasadas ten que introducir o estudante nun tipo de temáticas e razonamientos propios dun economista (o funcionamento dos mercados, o comportamento dos consumidores e das empresas, os mecanismos de distribución e acumulación, a dinámica do crecemento económico, entre outros), e ten que facelo sen olvidar os factores institucionais que delimitan a acción económica. Ao referirse aos acontecementos económicos que xa sucederon e que son coñecidos, a Historia Económica permite introducir ao estudantado en situacións nas que todos estes elementos interactúan e se condicionan mutuamente. Deste modo, a Historia Económica complementa dende o estudo dunha realidade coñecida os modelos teóricos propios da análise económica.</p>			

Competencias do título	
Código	Competencias do título
A1	CE1- Contribuír á boa xestión da asignación de recursos tanto no ámbito privado como no público.
A2	CE2-Identificar e anticipar problemas económicos relevantes en relación coa asignación de recursos en xeral, tanto no ámbito privado como no público.
A3	CE3-Aportar racionalidade á análise e á descrición de calquera aspecto da realidade económica.
A4	CE4-Avaliar consecuencias e distintas alternativas de acción e seleccionar as mellores, dados os obxectivos.
A5	CE5-Emitir informes de asesoramento sobre situación concretas da economía (internacional, nacional ou rexional) ou de sectores da mesma.
A6	CE6-Redactar proxectos de xestión económica a nivel internacional, nacional ou rexional. Integrarse na xestión empresarial.
A7	CE7-Identificar as fontes de información económica relevante e o seu contido.
A8	CE8-Entender as institucións económicas como resultado e aplicación de representacións teóricas ou formais acerca de cómo funciona a economía.
A9	CE9-Derivar dos datos información relevante imposible de recoñecer por non profesionais.
A10	CE10-Usar habitualmente a tecnoloxía da información e as comunicación en todo a seu desempeño profesional.
A12	CE12-Aplicar á análise dos problemas criterios profesionais baseados no manexo de instrumentos técnicos.
A13	CE13-Comunicarse con fluidez no seu contorno e traballar en equipo.
B1	CB1 - Que os estudantes demostren posuir e comprender coñecementos nun área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral, e que soe encontrar nun nivel que, aínda que se apoia en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.



B2	CB2 - Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dun xeito profesional e posúan as competencias que se demostran por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da su entorna de traballo.
B3	CB3 - Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da su área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética
B4	CB4 - Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado como non especializado
B5	CB5 - Que os estudantes desenvolvesen aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía
B6	CG1- Que os estudantes formados se convertan en profesionais capaces de analizar, reflexionar e intervir sobre os diferentes elementos que constitúen un sistema económico
B7	CG2 - Que os estudantes coñezan o funcionamento e as consecuencias dos sistemas económicos, as distintas alternativas de asignación de recursos, acumulación de riqueza e distribución da renda e estean en condicións de contribuír ao seu bo funcionamento e mellora
B8	CG3 -Que os estudantes sexan capaces de identificar e anticipar os problemas económicos relevantes, identificar alternativas de resolución, seleccionar as máis axeitadas e avaliar os resultados aos que conduce.
B9	CG4 -Que os estudantes respecten os dereitos fundamentais e de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal das persoas con minusvalidez.
C1	CT1-Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C2	Dominar a expresión e a comprensión de forma oral e escrita dun idioma estranxeiro.
C4	CT2-Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C5	CT3-Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras.
C6	CT4-Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C7	CT5-Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C8	CT6-Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias do título		
Asimilar que as realidades económicas son complexas, interrelacionadas con variables sociais, políticas e culturais, e inmersas nun contexto dinámico	A8		
Coñecer e entender a realidade económica internacional e española, as súas transformacións no longo prazo, os sectores produtivos, e as institucións económicas e a súa evolución	A7	B1 B3 B7	
Apreciar o papel desempeñado polos factores económicos e os factores institucionais nos procesos de desenvolvemento económico	A3 A4		
Análise das variábeis que determinaron o liderado occidental no proceso de crecemento económico contemporáneo	A4 A7		
Axudar a entender as orixes e persistencia das desigualdades socioeconómicas entre países	A6 A7	B2 B8	C5 C8
Aplicar conceptos básicos da economía a diferentes contextos históricos	A3 A7		
Coñecer as distintas formacións económicas xurdidas na evolución histórica recente, e os factores que condicionaron as súas formas de crecemento	A4		C2
Potenciar o emprego de técnicas e instrumentos cuantitativos básicos que impliquen o uso de material estatístico e gráfico	A10 A12		
Capacidade analítica e sintética	A9		C4
Capacidade crítica e autocrítica	A13		C4



Capacidade de traballo en grupo	A13		C4 C7
Capacidade de expresión, oral e escrita			C1
Reforzar a capacidade de comprensión lectora	A7 A10		C1
Elaborar e defender argumentos sobre cuestións económicas	A4 A5		
Resolver problemas sobre as cuestións económicas, facendo uso dos coñecementos sobre as teorías, os modelos e os métodos científicos da economía e a empresa	A3		
Capacidade de procura, selección e elaboración de información	A2 A7		
Capacidade de aplicación dos coñecementos adquiridos á interpretación do material estatístico, gráfico e documental	A3 A7	B5 B6	
Destreza na aplicación de técnicas cuantitativas para o tratamento de repertorios estatísticos	A3 A4		
Capacidade para o traballo autónomo			C7 C8
Capacidade de aplicar o coñecemento na práctica	A6 A12		C4 C6 C7
Analizar e interpretar datos básicos da conxuntura económica	A4 A12	B4 B9	C4
A materia aporta valores humanísticos e culturais importantes para desenvolver o liderado en empresas e Administración pública ao que están chamados os futuros Graduados en Economía	A1 A2		C7 C8

Contidos	
Temas	Subtemas
Tema 1: As economías europeas preindustriais	1. Rasgos básicos das economías europeas preindustriais 2. Valoración global: o crecemento económico das economías precapitalistas
Tema 2: A Revolución Industrial británica e a difusión do capitalismo, 1780-1870	1. A revolución industrial británica 2. A difusión do proceso de industrialización: modelos de crecemento
Tema 3: A segunda Revolución tecnolóxica, 1870-1973	1. Revolución tecnolóxica, internacionalización das economías e as orixes da empresa moderna 2. A inestabilidade do período de entreguerras, 1914-1945 3. A Edade Dourada do capitalismo
Tema 4: A economía mundial entre dúas crises (1973-2016)	1. A crise da década de 1970 2. Os desafíos da segunda globalización 3. A crise do século XXI

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Actividades iniciais	A1 A3 A4 A7 A13 B2 B3 B4 B5	3	0	3
Sesión maxistral	A2 A8 B1 B6 B7 B8 B9 C4 C5 C7 C8	17	17	34
Estudo de casos	A5 A6 A9 A10 A12 C1 C2 C6	18	30	48



Lecturas	A7 A8 A9 B2 B1	8	21	29
Proba obxectiva	A2 A4 A7 A8 A13 B2 B1 B3 B4 C1 C2	2	33	35
Atención personalizada		1	0	1

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Actividades iniciais	Orientación docente, técnicas de traballo e planificación do curso
Sesión maxistral	Nas sesións maxistras as profesoras impartirán as pautas crave da materia que o estudante debe coñecer e preparar con traballo individual e en grupo utilizando o resto de instrumentos que ofrece o curso.
Estudo de casos	Inclúen prácticas a partir de textos e datos estatísticos. Así mesmo, ensinarase a buscar información nas principais bases de datos nacionais e internacionais e a consultar fontes documentais.
Lecturas	Haberá varias lecturas de carácter obrigatorio cuxo contido se discutirá en clase. Os seus contidos servirán como complemento das clases maxistras e como material para realizar estudos de caso e análise de datos.
Proba obxectiva	Consistirá na realización dun exame escrito sobre os contidos do programa nas convocatorias oficiais. Valorarase a capacidade de expresión, o manexo e o dominio do vocabulario específico, a capacidade analítica e sintética, e o coñecemento dos contidos do programa. Está prohibido acceder á aula do exame con calquera dispositivo que permita a comunicación co exterior e/ou o almacenamento de información. Así mesmo, é necesario que cada alumno que desexe realizar o exame identifíquese correctamente cun D.N.I. ou carné de estudante na aula onde se vaia a realizar a proba.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Estudo de casos Lecturas	En cada un dos casos ofrecerase atención personalizada aos estudantes tanto nas sesións de clase como no horario de tutorías (resolución de dúbidas, dificultades ante a materia, orientación bibliográfica, etc.). Algunhas actividades realizaránse nas tutorías de grupo reducido (4 horas por cada subgrupo dos dous que compoñen cada grupo) onde se resolverán dúbidas sobre a materia impartida en clase, discutiránse en grupo algúns aspectos da mesma e realizaránse prácticas complementarias.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias	Descrición	Cualificación
Estudo de casos	A5 A6 A9 A10 A12 C1 C2 C6	Inclúen as prácticas con material cuantitativo e as lecturas. No primeiro caso, refírese ás análises de datos estatísticos desde unha perspectiva de longo prazo. Aínda que ao longo do curso realizaranse máis, 2 destes exercicios serán puntuables para a nota final. Cada un destes dous exercicios avaliados computará con 1,5 puntos na cualificación final do estudante. As datas destas probas facilitaranse ao estudante ao comezo do curso.	30
Lecturas	A7 A8 A9 B2 B1	Representan unha información complementaria ás clases maxistras. En clase traballarase as técnicas para extraer a información fundamental das lecturas e discutirase o seu contido en clase. O contido das lecturas servirá como materia complementaria á impartida nas clases maxistras. Así mesmo, o contido das lecturas servirá tamén para elaborar os estudos de caso. En consecuencia, a súa avaliación vai incluída nos outros apartados	0



Proba obxectiva	A2 A4 A7 A8 A13 B2 B1 B3 B4 C1 C2	Consistirá na realización dun exame escrito sobre os contidos do programa. O exame representa o 70% da avaliación final do estudante. Pero para superar a materia o estudante deberá de obter unha cualificación mínima de 5 puntos na avaliación global (exame + estudo de casos). No exame valorarase a capacidade de expresión, o manexo e dominio do vocabulario específico, a capacidade analítica e sintética, e o coñecemento dos contidos do programa da materia.	70
Sesión maxistral	A2 A8 B1 B6 B7 B8 B9 C4 C5 C7 C8	Nestas sesións as profesoras impartirán as pautas clave da materia que os estudantes deberán coñecer e preparar con traballo persoal e coa axuda do resto de instrumentos que ofrece o curso	0

Observacións avaliación

O exame ou proba obxectiva celebrarase na convocatoria oficial establecida pola Xunta de Facultade e publicada na súa páxina web. Para superar a materia (3 puntos procedentes das dúas prácticas avaliadas e 7 puntos do exame final) é preciso alcanzar como mínimo 5 puntos en total. Os criterios de avaliación serán os mesmos na primeira, na segunda e na oportunidade adiantada.

Fontes de información

Bibliografía básica	NON EXISTE UN ÚNICO MANUAL QUE CUBRA TODA A MATERIA IMPARTIDA AO LONGO DO CURSO NESTA MATERIA. O PROFESOR INDICARÁ EN CADA TEMA CALES SON AS PRINCIPAIS REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS POLAS QUE O ALUMNADO PODERÁ COMPLETAR A MATERIA EXPLICADA EN CLASE. ASÍ MESMO, O ALUMNADO TERÁ QUE LER E TRABALLAR EN CLASE VARIAS LECTURAS OBRIGATORIAS QUE SE INDICARÁN PARA CADA UN DOS TEMAS. COMO ORIENTACIÓN BÁSICA RECOMÉNDANSE AS SEGUINTE LECTURAS XERAISA) Manual preferente:- FELIU, G., SUDRIÀ, C. (2007): Introducción a la historia económica mundial, Valencia, Universidad de Valencia. B) Outros manuais:- CAMERON, R. (2000): Historia económica mundial. Desde el Paleolítico hasta el presente, Madrid, Alianza Editorial. - COMÍN, F., HERNÁNDEZ, M. y LLOPIS, E. (2005): Historia Económica Mundial, siglos X-XX, Barcelona, Crítica. - FOREMAN?PECK, J. (1995): Historia de la economía mundial. Las relaciones eco-nómicas internacionales desde 1850, Madrid, Prentice Hall.
Bibliografía complementaria	BIBLIOGRAFÍA COMPLEMENTARIA v ALDCROFT, D.H. (2003): Historia de la economía europea, 1914-2000, Barcelona, Crítica. v COMÍN, F. (2011): Historia económica mundial: de los orígenes a la actualidad, Madrid, Alianza. v VRIES, J. (1992): La economía de Europa en un período de crisis, 1600-1750, Madrid, Cátedra. v Di Vittorio, A. (coord.) (2003): Historia económica de Europa: siglos XV-XX, Barcelona, Crítica. v KENWOOD, A.G. y LOUGHEED, A.L. (1991): Historia del desarrollo económico internacional, Madrid, Istmo, vol. 1. v KRIEDTE, P. (1994): Feudalismo tardío y capital mercantil, Barcelona, Crítica. v OCAMPO SUÁREZ-VALDÉS, J. (1998): Historia económica mundial y de España, Oviedo, Universidad de Oviedo. v PALAFOX, J. (coord.) (1998): Curso de historia económica, Valencia, Tirant lo Blanch. v ZAMAGNI, V. (2001): Historia económica de la Europa contemporánea: de la revolución industrial a la integración europea, Barcelona, Crítica.

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións



Recoméndase que o alumno lea con atención a Guía da materia, os contidos do curso e os criterios de avaliación. Para calquera dúbida, pode porse en contacto coas profesoras responsables da materia no horario de tutorías ou vía correo electrónico (a través de correos con dominio UDC). En termos xerais, a materia non esixe requisitos previos. Con todo, consideranse como recomendables os coñecementos de informática a nivel de usuario, coñecementos básicos de Historia Universal e certa familiaridade con conceptos básicos de Economía. Aviso: aínda que non é obrigatoria a asistencia a clase, recoméndase que os estudantes asistan ás clases con regularidade.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías